



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

INTRODUCCIÓN	1
.1.- A FUNCIÓN TITORIAL	2
.1.1.- Aproximación conceptual.....	2
.1.2.- Funcións dos titores	2
.2.- O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	4
.3.- OBXECTIVOS	4
.3.1.- Educación Infantil.....	5
.3.2.- Educación Primaria.....	6
.4.- DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN TITORIAL	7
.4.1.- Educación Infantil.....	7
.4.2.- Educación Primaria.....	8
.5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	10
.5.1.- Estratexias xerais	10
Para facilitar o proceso de integración todo o equipo docente segue unha serie de pautas de actuación xerais que brevemente describimos:.....	10
.5.2.- Educación Infantil.....	10
.5.3.- Educación Primaria.....	12
.6.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	12
.7.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	14



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. PLURILINGÜE VIRXE DO MAR
Rúa Illas Cíes, núm.2 – 15570 – NARÓN (A Coruña)
Tfno: 881 93 03 83 40 Fax: 881 93 03 85
e-mail: ceip.virxedomar@edu.xunta.es



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

INTRODUCCIÓN

A actual Lei Orgánica de Educación (LOE) modificada pola Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da Calidade educativa (LOMCE) seguen as liñas establecidas polas súas precursoras, LOXSE (1990) e LOCE (2002) que facían referencia á orientación e á titoría como elementos que favorecen a calidade da ensinanza e a súa mellora.

Así mesmo, a LOE-LOMCE no seu artigo 91º,1c) recolle entre as funcións do profesorado: “a titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias”

As referencias á orientación e á titoría na LOE-LOMCE son numerosas. Non só aparecen recollidas nos principios e fins do sistema, nos que as inclúe dentro dos factores que favorecen a calidade da ensinanza, senón que menciónanse nun gran número de artigos relacionados, entre outros aspectos, coa formación permanente, a avaliación, as funcións do profesorado, os proxectos educativos.....



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

.1.- A FUNCIÓN TITORIAL

.1.1.- Aproximación conceptual

A finalidade xeral da titoría é contribuír á personalización da educación, á atención das diferenzas individuais e ofrecer unha resposta educativa adaptada ás capacidades, intereses e motivacións do alumnado e orientarlles axeitadamente en relacións coas opcións académicas e profesionais. Así mesmo, a acción titorial pretende ser axuda e orientar no desenvolvemento persoal, social e escolar do alumnado, así como servir de nexo entre as familias e o centro educativo, e entre o profesorado que exerce como docente nun grupo de alumnado.

A acción titorial convértese na peza clave do proceso escolar e na base e punto de partida das actividades docentes na comunidade escolar, reflectindo a realidade do centro e ao mesmo tempo adaptándose ás necesidades do alumnado, profesorado e pais, nais ou titores legais.

Cando se desenvolve na aula ten como finalidade atender aos aspectos do desenvolvemento, madureza, orientación e aprendizaxe do alumnado, considerados individualmente e como grupo. Polo tanto, a figura do titor/a é o centro ou o eixe que coordina toda a acción titorial, considerada como proceso e ao mesmo tempo como unha actividade inherente á función docente, que se realiza co obxectivo final de facilitar a integración dos procesos de aprendizaxe a todo o seu alumnado.

.1.2.- Funcións dos titores

As funcións do mestre titor en EI e EP están especificadas nos artigos 80 e 81 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánicos das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (ROC do 21 de outubro de 1996).

A titoría e orientación do alumnado formará parte da función docente. Cada grupo de alumnos terá un mestre titor que será designado polo director a proposta do xefe de estudos. O xefe de estudos coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial.

Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

1. Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.
2. Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
3. Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
4. Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

de cada alumno e alumna.

5. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
6. Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
7. Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
8. Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
9. Informar ao resto do equipo docente das características dos alumnos e alumnas, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
10. Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
11. De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
12. Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos e alumnas dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais e nais ou titores legais.
13. Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes e estas permanecen no centro nos períodos de lecer.
14. Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
15. Colaborar cos demais titores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
16. Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
17. Informar aos alumnos e alumnas do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas lingua oficiais.
18. Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
19. Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.
20. Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
21. Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias, ou



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

titores e titoras, e á xefatura de estudos.

22. Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
23. Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

.2.- O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial (PAT) enmárcase no plan de acción do Departamento de Orientación, segundo se establece no Decreto 120/98 e a Orde do 24-7-1998 que o desenvolve reguladores da orientación, así como o Decreto 229/2011 de atención á diversidade e nos Regulamentos orgánico do 21 de outubro de 1996.

O PAT forma parte do Proxecto Educativo de Centro tal e como se establece no artigo 121.2 da LOE-LOMCE.

A acción titorial enténdese como o proceso de axuda e orientación por parte do profesor para contribuír ao desenvolvemento integral do alumno e que abrangue o conxunto de accións educativas encamiñadas ao coñecemento do alumno/a, as axudas precisas para superar as dificultades no ámbito persoal, familiar e escolar e a proposta de alternativas que lle faciliten ao alumno/a a toma de decisións, así como o seu desenvolvemento como persoa e a socialización.

O Plan de Acción Titorial é a concreción, de forma sistemática e intencional, que se desenvolve no centro respecto da acción titorial.

Pretendemos co noso PAT que sexa práctico e funcional, polo que debe cumprir os seguintes requisitos:

1. Debe ser un plan de acción, é dicir, para traballar na aula.
2. Terá en conta a historia do centro respecto do traballo nas titorías (logros, experiencias con bos resultados...), así como as necesidades actuais e encamiñar as actuacións cara unha mellora.
3. Ten que ofrecer propostas realistas, que se poidan contrastar.
4. O seu obxectivo primordial será mellorar a acción titorial do centro.
5. Revisión anual, para facer unha análise dos logros e permitir incorporar propostas de mellora.

.3.- OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral** que pretende acadar o centro coa acción titorial é o seguinte:

- Facilitarlle aos titores o desenvolvemento do seu labor tanto no coñecemento e apoio ao alumnado como ao equipo docente e ás familias que inciden na súa titoría.

Obxectivos específicos:



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

En relación co alumnado:

- Favorecer a integración do novo alumnado (facilitar a súa adaptación e interacción co grupo, en especial ao de orixe estranxeira ou con problemas de interacción social).
- Coñecer as características do alumnado a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar para ofrecerlle respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- Fomentar no grupo de alumnos/as o desenvolvemento de actitudes participativas, tanto no centro como no seu contorno.
- Prever as dificultades de aprendizaxe.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe dos alumnos para detectar as dificultades e organizar os correspondentes apoios coordinado desde o Departamento de Orientación.
- Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.

En relación cos profesores:

- Establecer unha liña de comunicación-información permanente do grupo de alumnado e co equipo docente deste.
- Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación.
- Contribuír á mellora da coordinación garantindo a continuidade educativa entre os distintos centros, cursos e/ou etapas.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos e decidir sobre a súa promoción.

En relación coas familias:

- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demande, en especial da importancia da estimulación dos fillos, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.

.3.1.- Educación Infantil

Nesta etapa tan importante para o correcto desenvolvemento do/a neno/a, base de moitas aprendizaxes, debe ter uns obxectivos que debemos cumprir dende o Plan de Acción Titorial para que o alumnado-titor/a-pais teñan coñecemento mutuo e sexan conscientes das necesidades de



PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

cada un, para poder intervir no caso de que sexa necesario.

1. Coñecer as características do neno/a nos ámbitos persoal (físico, psicolóxico e pedagógico), familiar e socioambiental.
2. Axudar ó neno/a a coñecer o novo entorno escolar: a nivel físico (aulas, servicios, etc.) como social (coñecer ós seus compañeiros, profesores, persoal non docente e en especial á súa profesora). Veñen dun ambiente familiar onde cada quen ten o seu rol, e en moitos casos a atención dos adultos cara o neno/a é excesiva caendo este na dependencia e non cara a unha autonomía. No centro escolar sen caer na independencia total e absoluta téntase que o alumnado camiñe cara a esa autonomía en canto a movementos, exploracións, e decisións.
3. Observación sistemática das conductas manifestadas polo escolar.
4. Favorecer a aceptación das diferencias individuais que cada escolar presenta, facilitando a integración dos nenos con posibles deficiencias.
5. Facilitar a familiarización cos materiais, obxectos, espazos da aula, fundamentalmente a través do xogo, dramatización e linguaxe. Un obxectivo básico nesta etapa é o de desenvolvemento e mellora da linguaxe tanto a nivel comprensivo como expresivo.
6. Facilitar e favorecer a adquisición dos hábitos de autonomía e autocoidado, preferentemente ó nivel de aseo, vestido e comida.
7. Favorecer o logro dun estado emocional que facilite a súa integración no grupo así como o seu desenvolvemento como persoa.

.3.2.- Educación Primaria

Esta etapa é moi extensa e o alumnado pasará por distintas etapas moi diferenciadas. Pese a iso a escola debe seguir ofrecendo un lugar de acollida e “seguridade”, dun xeito tal que non lles custe moito familiarizarse coa nova etapa nos primeiros anos.

A nivel social predomina a amizade selectiva e o compromiso, consolídanse os grupos, establécense as normas e aparecen funcións de prestixio (o máis forte, o máis listo/a, o/a mellor en...). O titor equilibra e fomenta a responsabilidade, axúdaos á elaboración de normas, a iniciar afeccións, aproveita a súa curiosidade e rigor no cumprimento das normas...

En 5º e 6º caracterízase polo paso da infancia á puberdade. A busca de identidade pode ir asociada a unha actitude de rebeldía e oposición. Convén asesorar ós pais sobre os cambios que se están a producir nos seus fillos e fillas e comprender as actitudes, valores e emocións dos alumnos para axudarlles na súa maduración.

1. Coñecer as características de cada alumno/a a nivel persoal, familiar e social.
2. Coñecer e contribuír ó desenvolvemento das capacidades, de cada alumno/a e do grupo para evitar ou corrixir as dificultades de aprendizaxe.



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

3. Realizar un seguimento individualizado do proceso escolar dos alumnos/as para detectar dificultades co obxecto de buscar as respostas educativas axeitadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
4. Fomentar a integración e a convivencia do alumnado a nivel de grupo e de centro educativo.
5. Favorecer os procesos empáticos e ensinar a valorar os puntos de vista dos demais cara á toma de decisións.
6. Reforzar actividades de experimentación, creatividade e afeccións persoais.
7. Potenciar actitudes, valores e normas enriquecedoras e motivar para que sexan capaces de fixar metas e seguir estratexias para o seu logro.
8. Profundizar na información dos cambios mediante o diálogo y a relación de confianza.
9. Crear dinámicas na aula de intercambio de roles e diálogo, que axuden a establecer a propia identidade, a frear a agresividade e a traballar con situacións de conflito.
10. Poñer en marcha un programa de técnicas de estudio e outro de habilidades sociais que facilite a adaptación persoal, social e académica dos alumnos/as con máis problemas.
11. Coordinar a intervención do equipo de profesores/as.
12. Colaborar nas actividades de orientación escolar dirixidas ó paso á ESO.

.4.- DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN TITORIAL

.4.1.- Educación Infantil

1. Plan de Acollida

- a. Realización dunha xuntanza previa ó inicio das clases, colectiva, coas familias onde se lles dará a documentación oportuna, e información de tipo xeral como aspectos sobre a identificación da roupa, merenda, xoguets, material escolar...
- b. Facilitar información escrita ás familias con datos de incorporación e horarios.
- c. Flexibilidade no horario durante o proceso de adaptación tal e como se recolle anualmente na Orde do Calendario Escolar.
- d. Facilitar progresivamente ao alumnado o coñecemento da súa aula e espazos comúns.
- e. Facilitar o coñecemento do alumnado entre si, o seu lugar na clase, a identificación das súas cousas.

2. Reunión colectiva con pais/nais da titoría para tratar entre outros:

- a. Información do PEC (Proxecto Educativo do Centro)
- b. Presentación dos principais obxectivos educativos do Proxecto Curricular (PPC) da Educación Infantil.
- c. Xustificación do material necesario para o desenvolvemento da aprendizaxe dos alumnos/as.
- d. Información sobre os hábitos de alimentación, vestido, sono e horarios adecuados para a idade dos seus fillos/as.
- e. Información sobre a importancia da inter-comunicación familia-centro (profesor-titor/a), tendente a lograr unha adecuada colaboración para a consecución dos obxectivos educativos propostos.



PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

- f. Proposta ós pais de reunións periódicas ó longo do curso, tanto a nivel colectivo como a nivel individual, a iniciativa de calquera das partes.
- g. Proporcionar un cuestionario normalizado para que as familias os cubran, facilitándonos datos importantes do alumno/a (evolutivo, biográfico, familiar, social, etc), deixando claro que a nosa intención é ter a máxima información posible para o noso traballo e que esta ten carácter confidencial.

3. Presentación do profesor/a ós alumnos/as indicando:

- a. Ubicación de cada alumno/a na aula.
- b. Ubicación dos materiais na aula así como a súa correcta utilización.
- c. Explicación das normas básicas de convivencia para fomentar desde esta Etapa os valores e o respecto cara os demais.
- d. Información sobre a ubicación das diferentes dependencias do centro: servicios, zonas de patio a empregar, escaleiras de entrada e saída, dirección, xefatura de estudos, departamento de orientación, ximnasio, biblioteca, etc.
- e. Presentación do director, xefe de estudos, secretario, orientador, conserxe, etc.).

4. Realización da avaliación inicial do alumnado. Observar (non enxuzar nin valorar) as condutas manifestadas polo neno/a de tipo motórico e emocional na medida do posible (xa que os aspectos cognitivos non son observables directamente):

- a. Observación sistemática (empregaremos para rexistrar esas condutas cuestionarios ou inventarios) en diferentes situacións para abarcar distintas condutas e distintos factores condicionantes de ditas condutas.
- b. Complimentación da carpeta expediente do alumno/a que iremos enriquecendo non só coa información que nós aportemos senón tamén coa que nos proporcionen pais, outros profesionais do centro ou do exterior.
- c. Prevención e detección das necesidades:
 - o Valoración por parte do Departamento de Orientación
 - o Organización dos apoios e medidas de atención á diversidade que fosen precisas.
- d. Aportar no fin de curso un informe globalizado de cada neno que se facilitará ó titor/a do curso seguinte.

5. Realización da avaliación continua de cada alumno ó longo de todo o curso para detectar posibles necesidades e poñer en marcha as medidas oportunas.

6. Control de asistencia dos alumnos.

.4.2.- Educación Primaria

1. Acolida dos alumnos/as novos/as neste centro, facilitándolles o coñecemento da súa aula, dos servizos, zonas de recreo e do resto do centro.



PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

- a. Realizar actividades de acollida ao principio de curso, fundamentalmente cando e o paso a primaria ou hai alumnos de novo ingreso no centro.
 - b. Coñecemento mutuo dos alumnos/as novos: presentación, agrupamento para favorecer a relación....
 - c. Presentación do titor e especialistas.
 - d. Normas de convivencia: normas internas da aula, horarios, responsabilidades.....
 - e. Hábitos de orde: recollida do material propio e o do centro.
- 2. Revisar os informes e demais datos do expedientes persoal dos alumnos, obtendo tamén información do titor/a do curso anterior.**
- a. Observación sistemática de diferentes conductas (cuestionarios, inventarios, escalas e rexistros de observación) e rexistro de incidencias.
 - b. Aportar ó finalizar o curso un informe globalizado de cada neno/a que facilitará ó titor/a do curso seguinte a súa labor.
- 3. Realización da avaliación inicial dos alumnos.**
- a. Prevención e detección de nenos con dificultades.
 - b. Para programar en función dos alumno/as.
 - c. Diseñar estratexias de intervención tanto a nivel individual como a nivel grupal.
 - d. Realizar e cumprimentar rexistros grupais onde figuren datos de cada alumno/a, para poder sacar conclusións a nivel individual e grupal, colaborando o orientador cos titores, deseñando novas estratexias de intervención que axuden á prevención e/o corrección de trastornos, retrasos...
 - e. Desenvolvemento de programas de reforzamento e/o desenvolvemento, así como a utilización de materiais idóneos para acadar os obxectivos propostos (moitas veces o tipo de intervención é grupal e non individual).
- 4. Organización a principio de curso das medidas de atención á diversidade que fosen precisas, xunto co Departamento de Orientación.**
- 5. Realización da avaliación continua de cada alumno ó longo do curso, para detectar posibles necesidades educativas e poder poñer en marcha as medidas de atención oportunas xunto co Departamento de Orientación.**
- 6. Facilitar información a cada profesor, ó principio do curso e ó longo do mesmo, das características individuais de cada alumno/a.**
- 7. Reunións explicativas ó longo do curso cos pais, coas seguintes finalidades:**
- a. Explicar os obxectivos educativos básicos de cada nivel (hábitos, habilidades, destrezas, etc.).
 - b. Insistir na importancia da comunicación familia- profesores para falar tanto do rendemento escolar como do comportamento social do alumno/a en concreto. Proposta na



PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

medida do posible de colaboracións dos pais na educación dos seus fillos para facilitar as súas aprendizaxes.

- c. Entrevistas persoais cos pais para comentar a evolución académica e persoal do/a alumno/a e informar das dificultades ou problemas que poidan aparecer.

8. Control de asistencia dos alumnos/as.

- a. Rexistro no Xade.
- b. Envío de faltas ás familias nos 5 primeiros días do seguinte mes.
- c. Iniciar protocolo de absentismo escolar de ser o caso.

.5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

.5.1.- Estratexias xerais

Para facilitar o proceso de integración todo o equipo docente segue unha serie de pautas de actuación xerais que brevemente describimos:

- **Empatizar:** consiste en tratar de entender e aceptar a postura do alumno/a, os seus comportamentos e sentimentos e facerllo saber; isto non significa en modo algún que nos identifiquemos coas súas posicións, as cales deben habituarse a defender asertivamente e a que se discrepe delas. Asumir a súa propia individualidade fronte aos demais a través de coloquios, debates....
- **Motivar:** conseguir que os alumnos/as asistan a gusto á súa clase. Animar a participar, reforzo positivo, estar a disposición permanente para resolver dificultades....
- **Valorar:** apreciar o esforzo e posibilidades fomentan a autoestima e a aceptación de si mesmo. Valorar de forma positiva os seus logros e axudarlle a recoñecer os seus erros, sen comparacións e connotacións negativas.
- **Resolver:** sempre resolveremos de inmediato os problemas que se presentan

.5.2.- Educación Infantil

Lograr a integración de calquera alumno/a calquera que sexa a súa dificultade ou diferenia:

- a. A través de xogos grupais, para facilitar o coñecemento e a interacción entre os alumnos favorecendo en todo momento o respecto e tolerancia cara ós demais.
- b. Traballo con grupos flexibles dentro da aula (por recantos por exemplo).
- c. Búsqueda e identificación de calidades e diferencias entre os compañeiros.
- d. Interpretación de papeis (dramatizacións) nas que os nenos con distintas deficiencias sexan os protagonistas das historias.
- e. Escenificacións de intercambio de roles.



PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

- f. Facilitación dos nenos con dificultades na medida do posible, a integración do neno/a con deficiencias ou limitacións para integrarse no seu grupo e sobresaír.

Promover a experimentación no alumnado, por medio de:

- Relación cos obxectos e materiais da aula e contorno, facendo que empreguen todo o que hai no Centro con respecto, orde e coidado. É importante que asuman estas responsabilidades diariamente.
- Emprego colectivo do material (fomentando o cooperativismo nas actividades así como a compra e uso do material de forma grupal).
- Establecer espazos para cada neno/a: percha, colocación do material, ubicación na aula... para fomentar o respecto ós demais tanto como ós seus materiais e propiedades.

Favorecer a comunicación cos demais compañeiros/as, a través do xogo espontáneo, emprego dos medios de comunicación (audiovisuais), realizando actividades que:

- Fomenten a intercomunicación a través do xogo dirixido, empregando materiais (corda, pelota, xoguetes) ou realizando xogos concretos (pita cega, corro, escondite...) que posibiliten tanto a comunicación verbal como a non verbal cos seus compañeiros/as.
- Escenificación de situacións que sexan dirixidas polos nenos/as ou polo/a profesor/a.
- Contar contos, acertar adiviñas, tratando de respectar aos demais e fomentando a colaboración entre todos.
- Realizar traballos grupais: collage, murais, etc.
- Debuxar ós compañeiros a tamaño real sobre o papel, recortar a silueta e logo pintala e facer comentarios positivos.
- Traer cada un da casa un obxecto, poñelo en común e organizar xogos, festas, etc.
- Ter macetas con plantas e animais na clase nomeando encargados temporais para a súa alimentación ou limpeza, pero cun coidado colectivo.

Axudar e facilitar a adquisición de hábitos de autonomía e autocoidado:

- Desenvolvendo destrezas e habilidades no vestido (abotoarse, atarse e desatarse os cordóns, subir e baixar a cremalleira, etc.).
- Traballando na limpeza da roupa e aseo en xeral: vestido, dentes, cabeza, mans,...
- Axudando a por e quitar a mesa.
- Colaborando na ordenación da aula á saída (material, papeis, etc.)

Favorecer a integración na aula, a través dun bo equilibrio persoal emocional e comportamental en xeral.

- Non só no período de adaptación senón que durante todo o curso ou nuns períodos determinados, o neno pode precisar ademais das aproximacións normais por parte do/a profesor/a maior número de contactos visuais, sorrisos, caricias, etc.
- Realizar actividades en espazos libres con espontaneidade, a través do xogo, e outras situacións para ir progresivamente acercándonos á “mesa”.



PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

.5.3.- Educación Primaria

Traballo con grupos flexibles, en función das necesidades organizativas, xerando actitudes, e desenvolvendo as aptitudes dos alumnos/as a través de:

- Favorecer o razoamento individual e grupal do que se vai realizar e por que das diferentes actividades; para que sexan xeradoras de actitudes e hábitos positivos ante o traballo.
- Evitar comparacións entre os resultados obtidos por diferentes alumnos/as (xeradores de rexeitamento, de falta de empatía, sen xerar conductas de escape ou fuxida, evitación ou inhibición).

Facilitar a aceptación de que cada persoa ten unhas características que a diferencian das outras persoas. Algunha actividade orientativa é:

- Organización de xogos grupais que faciliten a interacción.
- O traballo con grupos flexibles, ben sexa en función das características de cada tarefa ou de cada grupo de alumnos.
- A análise de calidades sobresaíntes nun mesmo e nos demais compañeiros.
- Interpretar papeis (dramatizacións) nos que os nenos/as con algunha dificultade ou deficiencia podan desenvolver as súas aptitudes, chegando a sentirse en algún momento tamén protagonistas (como calquera outro alumno/a).

Axuda para o descubrimento de que tódalas persoas fan cousas correctas ou incorrectas, así como cousas válidas para o que as fai e para o resto da comunidade por medio de algunhas actividades como:

- Actividades nas que poidamos motivalos e reforzalos para que colaboren no funcionamento tanto da clase como do Centro e na casa: recollida de material, limpeza da clase, limpeza do centro, axuda ós seus compañeiros, transmisión de noticias de uns a outros, etc.)
- Actividades grupais tratando de respectar as quendas de palabra, a conversación (diálogo con intercambio de opinións en xeral, etc.)

.6.- TEMPORALIZACIÓN

	TRIMESTRE	RESPONSABLE
EN RELACIÓN COS ALUMNOS		
Facilitar a integración dos alumnos/as no grupo e no centro (acolida)	1º Todo o curso	Titor/a
Favorecer procesos de desenvolvemento da identidade e adquisición de valores	Todo o curso	Titor/a Especialistas



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Fomentar o desenvolvemento de actitudes participativas	Todo o curso	Titor/a Especialistas
Obter información do expediente	Setembro	Titor/a
Realizar a avaliación inicial dos alumnos	Primeiro	Titor/a Especialistas
Realizar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe	Todo o curso	Titor/a Especialistas
Desenvolver medidas de atención á diversidade que fosen precisas	Todo o curso	Titor/a Especialistas D.O.
Coordinar o proceso avaliador	Trimestralmente	Titor/a
Cubrir a documentación correspondente a normativa vixente	Trimestralmente	Titor/a
EN RELACIÓN COS OUTROS DOCENTES		
Coordinación: especialistas e mestres de apoio	Cando sexa preciso	Titor/a D.O. Especialistas
Coordinación co equipo docente	mensualmente	Mestres do equipo
EN RELACIÓN COS PAIS/NAIS		
Contribuír co establecemento de relación axeitadas centro-familias. Reunións grupais. Reunións individualizadas.	Todo o curso Unha por trimestre Cando sexa preciso	Titor/a
Comunicar ás familias as faltas de asistencia	Mensualmente	Titor/a



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

.7.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O Plan de Acción Titorial é un documento aberto e flexible e polo tanto revisable.

A súa avaliación e o seu seguimento realizarase da seguinte forma:

- O caderno de titoría que permita a toma de datos sobre as actividades das titorías a nivel grupal e individual
- De xeito paralelo ás tres avaliacións do alumnado, revisando, actualizado e introducindo medidas de mellora.
- Nas reunións periódicas dos equipos docentes.
- No último trimestre realizarase a valoración que se reflicta na memoria final onde se fará constar:
 - o Grao de satisfacción
 - o Logros
 - o Dificultades
 - o Propostas de mellora para o curso seguinte

.8.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O Plan de Acción Titorial do CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR foi aprobado polo claustro, na súa reunión do 30 de maio de 2017

Narón, 30 de maio de 2017

A directora

Asdo: Mª del Carmen Loureiro Rodríguez



A secretaria

Asdo: Iria Rico Varela